




Pecho a páxina do xornal coa última nova que decidín ler antes de ir durmir, "Auschwitz 70 anos despois: Europa únese no recordo do horror nazi. A exprisioneira polaca Halina Birenbaum lamenta que se Auschwitz puido existir durante cinco anos, entón todo o perverso é posible no noso mundo". Apenas bocexo antes de facer un símil en relación ás perversidades en segundo que vidas e momentos e, penso no meu día a día: seguros colectivos, pólizas abusivas, primas, beneficios, custes adicionais e obxectivos, obxectivos e máis obxectivos... Dou media volta e acariño a almofada volvendo á Europa que se une pero, neste caso, arredor dalgo que me leva meses roubando o sono e que ten...

Pecho a páxina do xornal coa última nova que decidín ler antes de ir durmir, "Auschwitz 70 anos despois: Europa únese no recordo do horror nazi. A exprisioneira polaca Halina Birenbaum lamenta que se Auschwitz puido existir durante cinco anos, entón todo o perverso é posible no noso mundo". Apenas bocexo antes de facer un símil en relación ás perversidades en segundo que vidas e momentos e, penso no meu día a día: seguros colectivos, pólizas abusivas, primas, beneficios, custes adicionais e obxectivos, obxectivos e máis obxectivos... Dou media volta e acariño a almofada volvendo á Europa que se une pero, neste caso, arredor dalgo que me leva meses roubando o sono e que ten...

Joseph Hubertus Pilatu apareceu de novo nos meus soños, desta vez nunha velada de boxeo que se celebra en Lancaster. Coa elegancia propia dun atleta grego mentres adestra aos detectives de Scotland Yard, gentlemans de primeiros do século XX, conversa entregadamente con Sandow, sí, sí, o afamado Eugen Sandow, o pai do culturismo. Así botan parte da miña experiencia onírica até que os efectos dunha bomba de gas mostaza fai turbias as imaxes e sempre queda a cousa a piques de entrar nun campo de concentración.

Levo con estes sonos recorrentes unha boa tempada, cando esperto penso en Alejandra, mentres me preparo para un día de verdadeira tolemia nunha cidade que só é miña a medias, onde aterrei hai relativamente pouco e onde as cousas parecen ir por onde elas deciden e non por onde a min me gustaría que camiñasen. Alejandra estase a converter na miña mentora, mentres unha parte de mín cae, ela estame a abrir unha fiestra no medio desta encrucillada, pola que sinto que teño que voar, e parece que comezarei a facelo.

A encrucillada é sempre un espazo de crise, de tensión entre o vello que non morre e o novo que non acaba de nacer. É, tamén, un lugar onde a vida se bifurca e conectamos cos nosos medos e coas nosas ilusións. O que máis nos atemoriza é igualmente o que máis nos seduce.

Arredor das encrucilladas tense escrito moito. Robert Johnson topou co demo nunha delas, no cruce da 61 coa 49 en Clarksdale, Mississippi, unha noite de lúa nova. O maligno propúxolle un pacto: converteríao no mellor músico de blues de todos os tempos a cambio de lle entregar a súa alma. Johnson, o menor de once irmáns dunha familia pobre de escravos negros, e que viña de perder durante o parto á súa muller e ao seu primeiro fillo, aceptou. Comezou a tocar de costas ao público, a xente deu en falar, converteuse nun mito en vida. "Me and the Devil" ou "Crossroads" quedaron como testemuñas atemporais daqueles feitos.

As encrucilladas galegas, doutra maneira, inciden nese carácter máxico e son tamén espazo de controversia. Deixouno escrito o grande Castelao: onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado. Cos cruceiros quíxose cristianizar as antigas crenzas, os vellos cultos paganos, mais ao tempo marcáronse eses lugares, sen pretendelo, como territorios de incertidume, nos que a vida

se abre sen certezas e cómpre escoller. O ben e o mal, o acerto e o erro, o fulgor e as tebras, danse a man e quedamos á intemperie, espidos.

Pilatu tivo tamén as súas propias escollas. Imaxinádeo, perto de Dusseldorf. Un neno xudeu, asmático, con raquitismo, a comezos do século XX, do que os seus compañeiros de aula se burlan pola súa febleza física e pola súa relixión. Uns poucos anos máis tarde convértese no modelo anatómico do seu país, e despois en boxeador e ximnasta. Logrou a transformación porque, lonxe de renunciar a si mesmo ou de asumir como un trauma os seus problemas, comezou a investigar a maneira de os superar e saír adiante. Fíxoo. Venceu as súas enfermidades e converteuse, co tempo, nunha celebridade. Hitler quíxoo como adestrador do seu exército, el negouse. Marchou de Alemaña e exiliouse nos Estados Unidos, decidido a continuar cos seus estudos para a mellora da condición física, a través do vínculo harmónico da mente e do corpo.

Dígovolo xa, unha cousa está relacionada coa outra. É fundamental escoitar o corpo. O corpo é sabio, e fálanos. De comezo tenta curarse a si propio, mais cando non pode déixanos avisos. Neste cruce de camiños estame a axudar tanto Alejandra... Quizais ela teña razón e este sexa o tempo de apostar por min, de facer as cousas á miña maneira. De escoller eu e non cumprir as imposicións dos demais. Gustábame o teatro, e correr... pero non seguíñ eses camiños. Hoxe noto que me gusta este que Alejandra me abre.

